

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE XUÑO DO 2011

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e nove minutos do día 8 de xuño do ano dous mil once, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data para dar cumprimento ó artigo 36.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López (quen se incorpora á sesión no momento que se transcribe), don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértola Puente, don Juan José Franco Casal, dona M^a del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1º Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada en data do 7 de abril do 2011, sesión extraordinaria de data do 25 de abril do 2011 e sesión ordinaria do 5 de maio do 2011.

Todos os membros do Concello Pleno recibiron copia das actas sometidas a aprobación, que dán por lidas. Pregúntase pola Presidencia se existe alguna obxección ou observación nas actas sometidas a votación. Pola concelleira Rocío Aurora Bértola Puente faise uso da palabra para dicir que existe un erro material na acta do 7 de abril do 2011 onde di: "Prosegue a dicir en relación coa campaña de limpeza das marquesiñas e, logo de ver a petición do voceiro do grupo político mixto sobre o particular, di que é sorprendente ver agora a foto do candidato precisamente de Esquerda Unida nunha marquesiña, polo que roga para que se corrixa esta situación." debe dicir "Prosegue a dicir en relación coa campaña de limpeza das marquesiñas e, logo de ver a petición do voceiro do grupo político do BNG sobre o particular, di que é sorprendente ver agora a foto do candidato precisamente do BNG nunha marquesiña, polo que roga para que se corrixa esta situación.". Procédese á votación e por unanimidade acórdase aprobar as actas das sesións celebradas en datas da sesión ordinaria celebrada en data do 7 de abril do 2011 coa corrección máis arriba sinalada, sesión extraordinaria de data do 25 de abril do 2011 e sesión ordinaria do 5 de maio do 2011.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 10:13 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e prace,
O alcalde-presidente

O secretario,

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García